

**EU Son do Porriño
rompe calquera
interlocución co PSOE**

Páxina VI

**40 mulleres recibirán
atención especializada
en Salceda**

Páxina IX

**O patrimonio das
parroquias tudenses
centra a exposición
"Pérdete polo rural"**

Páxina XII

**Inversión de 205.000
euros na mellora do
campo de fútbol do
Regatiño en Tomiño**

Páxina XIII


**O Rosal reformará
integralmente o seu
mercado para convertelo
nun espazo vivo**

Páxina XIV



Salceda amplía a superficie do Penedo Redondo ata os 13.100 m2

Páxina VIII



OPINIÓ

Por Manuel Estévez

Tríptico "Cristo Universal" de Xavier Lemos e unha escultura de Lino Silva, de Cambados, sobre o mesmo tema na Igrexa Parroquial de Santa María de Baiona

Baixo o título "Cristo Universal", tres cadros, permanecerán na Igrexa Parroquial de Santa de Baiona, xunto cunha peza escultórica do artista de Cambados, Lino Silva ata finais de Agosto.

O pintor vigués Xavier Lemos, ven desarrollando un proxecto plástico que ten como icono a figura do Cristo da Victoria, a través dun tríptico de grande formato, óleos sobre lenzo de 1,95m x 1,30m cada un.

"O protector da Ría", o autor quixo reflexar na tea, o conservador da Ría de Vigo ou mesmo dicir a unidade dos pobos que a ladean. "Cristo de la Reconquista", outro cadro do mesmo formato no cal manteñen cidade da oliveira por cima dos franceses e un terceiro lenzo "Cristo Universal", nunha igrexa cristian máis human. "O máximo expoñente da relixión católica", segundo verbas do artista vigués.

O retrato é o xénero que mellor domina,

proba indubidable da súa mestría reflectese nos personaxes públicos que ao longo da súa traxectoria trasladou as telas.

Dous óleos de mediano formato, retratos del Papa Francisco e Reverendo Padre Carballo, Excmo Señor de Belcastro, este último de cuna natal en terras de Ourense, colgan xa en distintos espazos do Vaticano.

"12.000 Anos despois de Cristo", "Festa da Reconquista", destacadas exposicións ao longo da súa traxectoria ou a participación no evento colectivo "Vide a degusta-lo con arte", un proxecto plástico itinerante iniciado en O Rosal con motivo das Festas del Viño, que tivo continuidade polo país veciño e distintos Museos de España.

Diversas obras sobre os caldos vitivinícolas, reunidos baixo o título "O despertar das viñas", patentes en salas en España e Portugal. Na actualidade unha obra baixo o mesmo título colga no Centro de Inter-

pretación do Viño en Monforte de Lemos.

Lemos, está inmerso nun desafío que ten como icono as pinturas románicas da Igrexa de Ventosa (Agolada), pertencente a diocese de Lugo, coñecida como la "Catedral do Románico", obra que está prevista viaxar por diversos espazos museísticos do Camiño Frances de Santiago, entre eles el de Carrión de los Condes (Palencia), Igrexa da Peregrina de Sahagún (León), Convento de San Francisco de Santo Domingo de Silos (Burgos), Casa da Cultura de Chantada (Lugo), entre outros.

O tríptico, xa estivo colgado na Capela de San Froilán, na Catedral de Lugo, durante as Festas do Patrón da cidade; Capela do Hospital de Cangas de O Morrazo (Pontevedra); no Santuario de O Cebreiro (Lugo); Concatedral de Vigo e Mosteiro de Poio.

Manuel Estévez, comisario del proxecto afirma que terá continuidade pola Catedral Mondoñedo (Lugo), entre outras salas museísticas, antes de concluír en Santiago de Compostela.

Marcelino Silva, artista cambadés, forma parte da itinerancia cunha escultura tamen sobre a figura de Cristo, el mesmo defínese como "grotesco e de raigame cambadesa", foi alumno do tallista Xosé Bahamonde e igoalmente do inolvidable, Alfonso Vilar.



De dilatada traxectoria artística que iniciara en 1970 en Santiago de Compostela, extendéndose por toda a xeografía galega, chegando a capital de España e destacando nas Bienales de Pontevedra e con primeiros premios no Certame de Pintura en O Grove.

Formou parte do colectivo FOGA, creado a mediados dos anos setenta, o que estaban vinculados artistas de cambadeses, Francisco Leiro e Manolo Paz, alen de J. Mendez, Rosalía Pazo Maside ou o inesquecible Doro.

Celso Santos, unha institución musical en Redondela

Os anos sesenta foron os mais prolíficos en número de orquestras, conxuntos e Bandas de Música.

En Galicia, o país das mil e unha festas, cada pobo ou aldea festexa o seu patrón e chegado o verán con máis intensidade. Unha comisión ou mordomo, contrataba as formacións musicales para amenizar os bailes e verbenas do lugar, rivalizando cos pobos limítrofes.

Naquelas datas, durante a celebración dos Carnavales, no triángulo sur galaico e mais concretamente en O Rosal, os veciños de Fornelos e Novás, presentaban durante unha sesión vermut, mesmo diante do Concello cadansua aposta, actuando alternativamente.

A Gran Casino, era unha das formacións mais solicitadas no Baixo Miño, incluso desde lugares cercanos as Comisións de prazabanse a cidade do Lérez ata o Bar Gloria, a poucos metros do Teatro Principal, un referente do gremio dos músicos, para asinar o contrato co director.

O vocalista durante mais dunha década, a dos anos sesenta, Celso Santos, un dos históricos da provincia, incluso chegou a compartir palco con María Xesus Romero, a primeira voz feminina nas orquestras galegas.

Dérase a coñecer en 1959, con Estrellas do Jazz, elenco máis xoven de España. Once compoñentes e a inconfundible voz daquel mozo que tivera como berce, o

lugar A Devesa en terras de Soutomaior. E si na Gran Casino destacaba con temas de Nino Bravo, aquí sobresaía, cando interpretaba "Granada".

Diosíño, un mito de acordeón, fundador da Orquestra Florida, aconsella a Santos montar un conxunto e así foi como saíron a luz Los Supremos, no Hotel Universo da capital do Lérez.

Manolo "Lapexo", na batería; Joaquín, natural de Marín, nos teclados; Castillo de Redondela, baixista; Manolo Cuevas de Pontearreas, guitarra e Celso Santos alen da súa inconfundible voz, frauta e tenor.

Foi unha época dorada para o conxunto que viñan a contratar a Galicia empresarios de Suíza, para actuar en bailes para emigrantes, chegando a compartir Sala con Xulio Iglesias en Xinebra. Non esquecendo aqueloutra festa que coincidiron con Miguel Ríos en Vilagarcía de Arousa.

Casou no ano 1961 en Pontesampaio e nos mesmos días, afinouse na Vila dos



Viaductos, onde continua dirixindo a Coral Polifónica Santiago Apostol, dende a súa fundación no ano 1972.

Celso Santos, frauta, foi subdirector da Banda de Música de Pontevedra, cuando a dirixía o inesquecible Antonio Moldes e hoxendía, desde 1987 e batuta titular da Cultural de Arcade, no seu berce natal o abrigo do Balcón da Peneda. Toda unha vida dedicada o que mais sente. A música.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiráldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

A calculadora inventouna un galego

Recén incorporado ao galeguismo sendo un mociño, disto hai xa ben anos, recibín un agasallo que viña de Buenos Aires. Eran dous tomos da obra “Los Gallegos en la Argentina” de Alberto Vilanova que recibira en 1957 o premio de Historia no Concurso extraordinario de 1957, celebrado para conmemorar o cincuentenario da fundación do Centro Galego daquela cidade porteña. A obra está prologada por Claudio Sánchez-Albornoz.

Alberto Vilanova fai un exhaustivo inventario dunha contiosa nómina de galegos que desenvolveron actividades salientables desde que puxeron pé no continente americano no século XVI. Ningún personaxe que fose memorable nin acontecemento cultural con acento galego quedou fóra desta monumental obra que fun lendo e relendo desde que chegou ás miñas mans.

Nas primeiras páxina do tomo II atopara a biografía dun personaxe engaiolante que me chamou a atención sempre, Ramón Verea García, un estradense nado na freguesía de Curantes en decembro de 1833 e falecido en Buenos Aires en 1899. Foi escritor de ideas progresistas. O seu cadáver foi levado a ombros por militantes do Partido Socialista da Argentina no que militara. Verea non foi un ninguén da canella. Foi o inventor de moitos inxenos, sendo un deles a calculadora que facía as catro principais operacións da aritmética, a diferenza das anteriores inventivas que só sumaban e restaban. A

máquina de Verea tamén multiplicaba e dividía. Velá a notoriedade do seu invento e a transcendencia que tivo no desenvolvemento das ciencias.

O aparello inventado por Verea, dínos Alberto Vilanova, “ten catorce pulgadas de longo por doce de ancho e oito de alto, e pesaba cincuenta libras e toda ella está fabricada de ferro, aceiro e metal amarelo”.

O invento de Ramón Verea é de 1865. Nun medio de comunicación da época dixo que con tal invento non quixo facerse rico, porque os seus móbiles foran: 1) un pouco de amor propio; 2) moito de amor nacional - o desexo de probar que en xenio inventivo un español- pode deixar atrás ás eminencias das nacións máis cultas; 3) o afán innato de contribuir con algo ao adianto das ciencias; e 4) e derradeiro, unha maneira de pasar o tempo conforme cos seus gustos e inclinacións.

A máquina fora premiada coa medalla de ouro na Exposición celebrada en Matanzas por aquel tempo.


Pasados os anos, falando un día co meu amigo xa falecido, o mestre Olimpio Arca Caldas de quen coñecía o seu interese pola historia, reteino a facer a biografía de Ramón Verea. Eu encargárame de poñerme

en contacto coa multinacional IBM que custodia na súa sede central de Tampa (Florida) a máquina de Verea para expoñela nun acto de galeguismo empresarial programado polo Foro E. Peinador na vila da Estrada o ano 2009. No tempo previsto o Foro E. Peinador editou o seu libro “Ramón Verea. Inventor estradense”, e erixíulle un monumento cos patrocinios do Concello e Secretaría Xeral de Política Lingüística.

No prólogo que escribín para o libro dicía que moi poucos galegos saben que Galicia tivo científicos e empresarios que uniron o coñecementgo e a xestión para

lórico de Galicia; sen a intervención decisiva de Ramón Obella Vidal non se crearían os Laboratorios Zeltia, posteriormente xestionados polo empresario galeguista Antonio Fernández López, e non se terían producido fármacos de grande utilidade para atallar doenzas en humanos, no gando, e antídotos para combater os andazos no agro. Produtos dos que se beneficiou a humanidade; Antón Beiras, médico e investigador, resolveu o problema do estravismo co seu Vigoscopio, explicando en lingua galega en foros científicos alén das nosas fronteiras, as cualidades do seu instrumento para curar o ollo birollo en todos os confíns do mundo. Na actualidade temos científicos de gran proxección internacional traballando na elaboración de vacinas, como é o caso de Carme Pampín, ou deseñando artiluxios aeroespaciais con finalidades científicas como fai a Universidade de Vigo.

Mágoa que nas escolas e centros de ensino non se divulguen biografías de científicos galegos para crear na sociedade galega o orgullo de pertenceren a un pobo que ten aportado á ciencia solucións para o benestar da humanidade. O complexo de inferioridade tan interiorizado polos galegos é de tal natureza que pensan que os grandes avances científicos e tecnolóxicos veñen de fóra, e que nós o único que producimos é literatura.



crearen industrias decisivas para o benestar dos galegos e da humanidade. Sen o invento de Verea non se poderían resolver cálculos matemáticos complicados con prontitude; sen a aportación do matemático Vicente Vázquez Queipo, natural de Samos, autor das táboas de logaritmos, non se entendería moi ben o desenvolvemento das ecuación aritméticas; Isidro Parga Pondal, un dos mellores e reputados xeólogos, elaborou o primeiro mapa minero-

Óptica mahen

mahen audióprótesis

Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

ELECCIÓN AO PARLAMENTO GALEGO 2020

A Coruña, o grande feudo do PP?

Os “populares” acadaron case a metade dos escanos pola provincia da Coruña dobrando ao BNG mentres que o PSdeG quedou a tres escanos do Bloque.

As eleccións autonómicas do 12 de xullo reflectiron na Coruña o mesmo comportamento que as outras tres provincias. Unha victoria máis que absoluta do PP fronte a dúas forzas políticas, BNG e PSdeG, que aínda sumando os seus resultados, quedan a tres postos do partido de Feijóo.

A Coruña ten vinte e cinco escanos no Parlamento de Galicia, un terzo do total, 75, por tanto a provincia con máis peso dentro da cámara autonómica. Os principais partidos que concorrián a estas eleccións PP, PSdeG, BNG e En Común sabían que entre esta provincia e Pontevedra xogaban grande parte da súa representación no Pazo do Hórreo.

Aínda así, BNG e En Común tiñan en cabeza de lista aos seus candidatos á presidencia da Xunta, Ana Pontón e Antón Gómez-Reino, respectivamente. O PP e o PSdeG

presentaban os seus candidatos por Pontevedra, Alberto Núñez Feijóo e Gonzalo Caballero. Ao primeiro isto non lle pasou factura, ao segundo, a súa recente aterraxe puido influír sobre uns resultados que non moveron o número de representantes socialistas con respecto á anterior lexislatura, 14.

Escanos e votos

A maioría absoluta para A Coruña está en 13 parlamentarios, os “populares” superaron con un escano máis esa maioría. Ségueos o BNG coa metade de asentos, 7, quedando en segunda posición, mesmo posto que no Parlamento. O terceiro posto, o mesmo que ocupará na cámara galega, é para a forza menos votada, o PSdeG, que recolle catro escanos. A outra forza política que esperaba representación pola Coruña, En Común, quedou fóra do arco parlamentario cun 4,43% dos votos escrutados, a algo máis de medio punto do

5% necesario para entrar no Hórreo.

A participación rozou o 58% mentres que a abstención chegaba a un 42%. Os votos nulos non chegaron ao 1% cifra que si acadaron os votos en branco. En total, emitíronse 537.922 votos en toda a provincia. O PP chegou aos 262.378, quedando a cinco mil votos da metade do escrutinio. Pola súa parte, o BNG aglutinou os 132.659 votos que o sitúan con máis de 43.000 votos por riba do PSdeG, que levou 89.285 papeletas en toda a provincia.

Os números un

A cabeza de lista por A Coruña era ata hai uns anos o posto de lanzamento para os candidatos á Xunta de Galicia. O territorio provincial acolle a algo máis da metade da poboación galega e dentro del están tres das sete grandes cidades, a capital provincial, a sede do Goberno galego e o Parlamento, Santiago de Compostela e Ferrol.

Aínda con todo ese peso, dous dos principais candidatos decidiron encabezar listas pola outra provincia máis poboada, Pontevedra. Así, Alberto Núñez Feijóo encabezaba a lista do PP e Gonzalo



Ángles Vázquez, cabeza de lista do PP pola Coruña



Ana Pontón, cabeza de lista do BNG pola Coruña



Pablo Arangüena, cabeza de lista do PSdeG pola Coruña



Antón Gómez-Reino, cabeza de lista de En Común pola Coruña

Caballero, natural da provincia, lideraba a do PSdeG. Pola súa parte, Ana Pontón púxose á fronte das listas do BNG coruñés e o mesmo fixo Antón Gómez-Reino, candidato de En Común. O PP da

Coruña presentaba a Ángeles Vázquez, conselleira de Medio Ambiente en funcións e o PSdeG era encabezado por Pablo Arangüena, voceiro e vicesecretario xeral da executiva do partido en Galicia.

Resultados electorais en Lugo e Ourense

Lugo

A provincia de Lugo rexistrou 165.145 votos de participación, case o 60% de participación. As principais candidaturas, PPdeG, PSdeG, BNG e En Común tiveron uns resultados moi marcados entre eles. Por unha banda os “populares” conseguiron 9 dos 14 escanos por esta provincia, cun total de 89.125 votos, o que significa o 54,69 % do censo.

Pola súa parte, o BNG foi a segunda forza máis votada, recollendo 3 actas de deputado ao Parlamento galego, con 35.095 votos, o que supuña o 21,54 %

dos votos escrutados.

O PSdeG tivo 2 deputados, con 28.373 votos, o que implicaba o 17,41 % dos votos emitidos. En Común nin sequera chegou ao 3% de participación.

Ourense

O denominado “feudo” do baltarismo e un dos principais focos de votos para o PPdeG, tamén disputaba 14 escanos como a provincia de Lugo. O número de votos contabilizados foi de 156.747, que se traduce nunha participación do 60,79 %.

Como era de esperar, o PP galego tivo os mellores resultados recollendo 8 escanos, grazas aos 82.514 votantes que lle outor-



María Sol Díaz Mouteira, cabeza de lista do PP por Ourense.



Olalla Rodil, cabeza de lista do BNG por Lugo.



Noa Presas, cabeza de lista do BNG por Ourense.



Elena Candía, cabeza de lista do PP por Lugo.



Patricia Otero, cabeza de lista do PSdeG por Lugo.



Marina Ortega, cabeza de lista do PSdeG por Ourense.

garon a súa confianza, reflectíndose nun 53,13 % de votos escrutados.

O BNG conseguiu 3 escanos

por esta provincia, con 30.978 votantes e unha porcentaxe do 19,95%. O mesmo número de escanos, 3, foi parar ao PSdeG que

apañou 30.583 votos o que supuña o 19,69 da participación. En Común só tivo unha participación do 2,15%.

Eleccións ao Parlamento Galego 2020

Resultados en Pontevedra

A provincia de Pontevedra afrontou as eleccións autonómicas cunha particularidade, dous dos cabeza de lista con maior peso encabezaban as respectivas candidaturas polas súas formacións políticas. Alberto Núñez Feijóo polo PPdeG e Gonzalo Caballero polo PSdeG. O BNG presentaba a Xosé Luis Bará como número un. En Común presentaba a Eva Solla como a principal candidata.

Os resultados foron unha copia do acontecido durante a noite electoral. O PP acadou uns resultados positivos moi amplos, seguido do BNG como segunda forza política e o PSdeG quedaba en terceira posición, iso sendo o seu cabeza lista o candidato a presidente da Xunta. En Común desaparecía do mapa

electoral pontevedrés.

Os vinte e dous deputados que representarán a provincia no Parlamento galego quedaron repartidos como vai:

PPdeG 11 parlamentarios co 42,4% dos votos emitidos. O BNG leva 6 escanos co 24,7% dos votos escrutados e o PSdeG quedou con 5 escanos e unha porcentaxe do 23,1%.



Gonzalo Caballero, cabeza de lista do PSdeG por Pontevedra.



Alberto Núñez Feijóo, cabeza lista do PPdeG por Pontevedra.



Luis Bará cabeza de lista do BNG por Pontevedra.

Mos estreará unha área de lecer na contorna do Abrente, parroquia de Torroso

O procedemento de contratación da instalación dun novo parque na contorna do Centro Cultural Abrente na parroquia de Torroso está a piques de finalizarse de cara ao próximo inicio das obras de acometida da nova área de lecer.

O pasado mes de xaneiro do presente ano asinárase no Concello, a cesión por parte da Comunidade de Montes de Torroso á administración local, dun terreo de preto de 300 metros cadrados a fin de ubicar na devandita parcela un parque infantil situado na contorna do Abrente, co que se dará servizo ás familias de Peinador que demandaban este

espazo de lecer infantil ao aire libre desde fai anos.

Para a acometida desta nova infraestrutura e espazo de lecer, ao Concello de Mos foille concedida unha subvención da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais.

O proxecto denominado "Parque infantil e biosaludables na contorna do Centro Cultural Abrente. Parroquia de Torroso", ten un orzamento total de 48.400 euros (IVE incluído).

O Porriño inicia a mellora do vial de acceso á Lagoa das Gándaras de Budiño

O Concello do Porriño, a través da Consellería de Infraestruturas que dirixe Pedro Pereira, anuncia o inicio das obras de mellora do vial de acceso á Lagoa das Gándaras de Budiño. Segundo a previsión existente, os traballos se iniciarán no vindeiro mes de agosto. Trátase dunha obra financiada polo Plan Concellos 2020, cun orzamento base de licitación de preto de 44.000 euros (IVE incluído).

Actualmente o vial municipal de acceso ás Gándaras de Budiño atópase en mal estado, sendo necesaria a rehabilitación integral do pavimento, así como a realización de cunetas para a recollida das augas pluviais, que actualmente están a danar o firme existente. Polo tanto, as obras a realizar consisten na mellora do firme e da drenaxe.

Ademais, segundo o proxecto dirixido polo concelleiro de Infraestruturas, eliminarase a chaira de mestura bituminosa existente no parque natural, deixando unicamente un vial de acceso de



tres metros. Esta superficie aglomerada substituirase por unha capa de terra vexetal, coa intención de que esta zona poida ser reforestada.

Por último, darase continuidade á varanda de madeira existente, de maneira que se complete o peche do espazo natural. Colocarase unha porta de tres metros de anchura para o acceso ao parque.

O proxecto foi previamente presentado polo Concello do Porriño ante a Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia que deu o seu visto bó e informou favorablemente.

As Gándaras de Budiño é un

ecosistema situado no sur do municipio que ocupa unha superficie de máis de 700 hectáreas ao longo do río Louro, afluente do Miño. Pola súa proximidade ao Atlántico e á humidade da zona, convértese nunha zona pantanosa de importante valor natural. Pero o máis destacado das Gándaras de Budiño é a súa fauna e flora; a vexetación acuática e sobre todo a gran cantidade de aves migratorias que teñen un punto de cría nesta zona polo que as Gándaras son un lugar de gran interese científico.

Ademais hai asentamentos paleolíticos que se poden visitar grazas aos percorridos de senderismo.

A piscina municipal estará aberta en agosto

Este ano 2020, dadas as extraordinarias circunstancias acontecidas, a Concellería de Deportes que dirixe David Alonso tomou a decisión de manter aberta a Piscina Municipal tamén durante o mes de agosto, agás sábados e domingos.

O horario de apertura será diferente ao actual. Na quenda matinal será dende as oito ata as doce do mediodía. E pola tarde dende as sete ata as dez da noite.

Os demais requisitos que actualmente están a esixirse, manteráanse:

O emprego da máscara será obrigatorio en todo momento, agás na piscina. A solicitude de cita será un requisito imprescindible. Deberá pedirse cun máximo de 48 horas de antelación, ben por teléfono a través de número 986 34 44 20 ou por correo electrónico: piscinaporriño.eulen@gmail.com

O tempo de nado é de unha

hora e non poderá haber máis de dúas persoas por cada rúa na piscina grande. No vaso pequeno, o aforo máximo será de 8 persoas.

Por outra banda, a Concellería de Deportes informou tamén que durante o mes de agosto continuarán as obras de impermeabilización do teito da Piscina que viñan realizándose.



LOURINHA

O PORRIÑO

O PP impide a venda dunha parcela municipal a unha empresa por valor de 338.000 euros

O Goberno Municipal do Porriño lamenta que o Partido Popular coa súa actuación no pleno, pretenda bloquear a xestión económica financeira do Concello. O goberno entende que chegoise ao colmo co voto en contra dos concelleiros do PP impedindo aprobar a venda dunha parcela municipal no PPI 6 de Budiño. Unha operación que xeraría un ingreso de 338.000 euros ás arcas do Concello con destino a inversións públicas e que ademais suporía a creación de postos de traballo no Porriño.

Pedro Pereira, alcalde accidental que presidiu a sesión pola baixa por enfermidade de Eva García, acusou ao PP de levar “unha conduta estraña”. “Semella que para vostedes xa non hai límites no exercicio da oposición e que canto peor, mellor”, engadiu. Pereira advertiulles que “cada quen será responsable dos seus actos” ao impedir unha operación de tesourería tan importante para o Concello.

A voceira do PSOE, Lourdes Moure sinalou que nesta sesión plenaria “queda claro que o PP non está por colaborar en nada: nin a venda dunha parcela nin o pago de facturas a provedores”. A concelleira de Economía lembroulle ao voceiro do PP que na orde do día figuraba o pago de facturas

á Sociedade Xeral de Autores de cando Alejandro Lorenzo foi concelleiro de Festas, o que foi aprobado, por certo, cos 7 votos do PSOE, BNG, EU SON e Carrera fronte ás 8 abstencións do PP.

Na mesma liña, o concelleiro non adscrito Manuel Carrera, da UDDL, sinalou que “evidenciase que o PP porriñés está a perder por completo o norte na súa acción política de oposición e que o único propósito que lles guía é bloquear o Concello”. “Lamentablemente o PP vota en contra da venda dunha parcela a unha empresa que vén a crear postos de traballo e a xerar riqueza no Porriño; non hai quen vos entenda”, espetoulle Carrera á bancada popular.

Cos seus 8 votos, o grupo municipal do PP, primeiramente impediu que o asunto da venda da parcela de 5.110 metros cadrados quedara enriba da mesa despois de ter ofrecido Pereira esa alternativa ante a falla dun informe de Intervención que o Partido Popular entende necesario e que os restantes grupos políticos valoraron que estaba na tramitación preexistente deste asunto. Ademais o voceiro popular denunciou outras fallas de información sobre a empresa compradora. E finalmente o PP, nunha segunda votación votou en contra da operación de venda.

EU-Son do Porriño rompe calquera interlocución co PSOE

O Grupo Municipal EU-Son do Porriño – Son en Común, representado pola nosa Concelleira Blanca Francés Rodríguez participou da Comisión de Economía Facenda e Persoal do día 31 de xullo, onde anunciou que non asistirá ao Pleno que se celebrará a vindeira semana. Está máis que clara a intención do grupo socialista de non cumprir o pactado con nós. Concluimos entón que ha de entenderse co grupo Popular para sacar as súas propostas adiante, pasando a ser o sentido do noso voto totalmente intrascendente.

Como xa manifestamos nas dúas últimas sesións plenarias, e por razóns amplamente expostas, é requisito imprescindible para calquera tipo de acordo co grupo Socialista do Porriño en temas tan fundamentais como a situación económica deste Concello, a dimisión da actual Alcaldesa. A responsable desta situación nin ten capacidade de xestión, e moito menos lexitimidade, para seguir a gobernar, amén das súas ausencias constantes por motivos que non nos interesan pero que imposibilitan o exercicio do seu cargo público.

A situación é insostible e é preciso que outra persoa tome a dirección, a partir de aí, toda a nosa disposición



para chegar a un entendemento. Non podemos seguir con unha xestión sen rumbo e na que se vai dando tarde, mal e caoticamente a información imprescindible para poder decidir con rigor. Non imos participar nunha farsa.

Nós non quixemos entrar no goberno hai un ano, pero demos unha última oportunidade asinando un pacto de investidura moi xeneroso polo asumible das súas condicións. Non só non se corrixiron procederes anteriores senón que se seguiu polo mesmo camiño.

Por todo o antedido, non imos asistir a máis reunións, comisións ou Plenos nestas circunstancias. O PSOE decide, nas instancias que a nivel interno corresponda como organización e actuando, ou non, os procedementos que considere.



GASOLEOS
TEA S.L.

Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO


PONTEAREAS | 986 66 13 90
 986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61



O PORRIÑO

Concello e a Entidade Urbanística de A Granxa acometerán a reposición da rede contra incendios do polígono



O Concello do Porriño e a Entidade Urbanística de A Granxa mantiveron unha primeira reunión para establecer como acometerán a reposición e reparación da rede contra incendios do polígono industrial que téñen unha lonxitude de 5 quilómetros. Trátase de cambiar pezas nas acometidas ás naves, así como revisar o estado de bombas de achique, galerías de servizos e alumeados.

Neste primeiro encontro, par-

ticiparon representacións do goberno municipal, encabezada por Lourdes Moure, concelleira de Vías e Obras, e da Entidade Urbanística, co xerente David Sobral. "É a primeira vez en 20 anos do polígono da Granxa que un goberno municipal do Porriño afronta este problema de mantemento que afecta ás 260 empresas establecidas nese polígono", manifestou Lourdes Moure ao termo da reunión celebrada no consistorio.

Segundo as recomendacións dos técnicos sobre qué actuacións habería que priorizar, unha delas sería mudar as pezas de ferro das acometidas por esgotamento da súa vida útil.

"O Concello coa colaboración da Entidade Urbanística de A Granxa, determinaremos de qué xeito pódese financiar a execución destas melloras", manifestou a concelleira Lourdes Moure, asunto que se tratará nunha vindeira reunión.

Nove comunidades de augas acadaron subvencións do Concello por un importe global de 52.000 euros

Nove comunidades de augas de consumo acadaron subvencións do Concello do Porriño para realizar control sanitario, mantemento de instalacións e reparacións na rede de distribución durante este ano 2020.

As nove comunidades de augas beneficiadas son: Cerquido; Rozadas-Eirís; Atios; Torneiros; San Jorge-Mosende; Chenlo; Carracido; Budiño-Cruz e Cans.

Esta semana reuniuse e coñeceu a resolución da comisión de avaliación que presidiu o concelleiro de Infraestruturas, Pedro Pereira asistido por tres técnicos municipais. A comisión determinou os importes das subvencións que totalizan 52.162 €.

As achegas maiores serán para Cerquido, San Jorge-Mosende, Chenlo e Cans que recibirán a o importe máximo que



estaba limitado nas bases da convocatoria a 8.000 euros.

As restantes recibirán: Atios, 7.647 €; Rozadas-Eirís, 5.914 €; Torneiros, 2.800 €; Carracido, 2.542 €; e Budiño-Cruz, 1.258 €.

Pedro Pereira, concelleiro responsable deste departamento anunciou que "o Concello do Porriño mvaí manter nos vindeiros anos esta liña de subvencións municipais en colaboración coas comunidades de augas".

GLITTER
Tu tienda especializada en
PATINES
ACCESORIOS, RECAMBIOS
Y COMPLEMENTOS
MALLAS, BAÑADORES, DANZA, etc.

C/. Virgen de Los Remedios, 16
PONTEAREAS
glittercb2016@gmail.com

Tif. 986 17 78 63
645 38 96 68

Paula Méndez
ESTILISTAS

Teléfono 986 64 26 63
C/ Reveriano Soutullo 13- bajo
PONTEAREAS

CONFITERÍA
La Marquesina
CAFE

Reveriano Soutullo, 1 - Tlf. :986 640 243
Ponteareas

Talleres Guiller Motor

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)
Tel/Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados

SPG
TALLERES

LIMPIEZAS PONTEAREAS

Comunidades, colegios, ofloinas, moquetas,
abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

LOURINHA

SALCEDA DE CASELAS

Salceda amplía a superficie do Penedo Redondo ata os 13.100 m2



Alcaldesa de Salceda, Loli Castiñeira, e o Presidente da Comunidade de Montes de Parderrubias, Jose Estévez, veñen de asinar o acordo de cesión de 13.100 m2 de terreo comunal na zona do Penedo Redondo que lle permitirá ao Concello a construción dun novo campo de fútbol 8 así como dunha área de adestramento de porteiros/as, para dar cabida deste xeito ás case 400 persoas que se prevé que fagan uso das instalacións a vindeira tempada. A cesión do dereito de superficie terá unha duración de 30 anos, durante os cales a Comunidade de Montes percibirá unha contraprestación de 5.229,37 € anuais por parte do Concello de Salceda.

O obxectivo fundamental do grupo de goberno de Salceda é o de proporcionar unhas instalacións acordes coa demanda existente na actualidade. O fútbol base no municipio está a ser xestionado polas Escolas de Fútbol Denis Suárez, que na pasada tempada acolleron a 202 nenos e nenas, con previsión de chegar aos 246 a partires de setembro co inicio do novo curso, polo que se fai imprescindible a creación de novas instalacións que dean cobertura á totalidade de nenos e nenas do municipio que se decanten polo fútbol. Tamén o Caselas fai uso das instalacións para os seus adestramentos, ademais doutros clubs como o Parderrubias A e B, o Veteranos Caselas ou as Escolas Deportivas

de Salceda que acollen a modalidade de fútbol feminino.

O Concello de Salceda ven de rematar as obras da primeira fase do proxecto de mellora das instalacións deportivas municipais de Penedo Redondo, coa construción dunha sala de usos múltiples á que se accederá dende a fachada sur do edificio actual, na que se contará con un vestiario. Ademais creouse unha cantina con acceso dende o lateral do propio campo, xerando así percorridos diferenciados para espectadores/as e xogadores/as. Esta cantina contará ademais cun almacén e dous aseos accesibles. O proxecto, cun orzamento de 87.688,13 €, executouse con cargo ao Plan Concellos 2018/2019.

Primeiras sancións en Salceda por non empregar máscara protectora



A fin de semana das Festas do Cristo saldouse coas primeiras denuncias por non empregar máscara protectora. Garda Civil e Policía Local reforzaron a vixianza no municipio por mor das festas, e deste xeito producíronse as primeiras denuncias vinculadas ao uso da máscara protectora.

Dende o pasado domingo o uso da máscara é obrigatorio sempre que se coincida con outras persoas, aínda que exista a chamada "distancia de seguridade". O equipo de goberno valorou dun xeito moi positivo o comportamento en xeral da veciñanza nos eventos organizados con motivo das festas do Cristo, nos que a poboación cumpriu as normas con seriedade, garantindo deste xeito a seguridade. Sen embargo, conscientes de que existen persoas que seguen a saltarse a norma, as

forzas de seguridade fixeron unha especial vixianza, sancionando naqueles casos nos que foi preciso, como no caso dunha traballadora dun local de hostalería que atendía ao público sen empregar a máscara.

Na mesma fin de semana, a Policía Local personouse nunha festa privada nunha vivenda do casco urbano, ante as chamadas da veciñanza polos ruídos ata altas horas da madrugada que se viñan producindo ultimamente.

Loli Castiñeira: "Para unha convivencia pacífica é imprescindible o respecto entre as persoas. Todos e todas temos que cumprir coas regras para acabar con esta pandemia. Non se pode ter un policía por cada persoa, e é preciso concienciarnos do problema e aportar o noso gran-ciño de área individual en beneficio do colectivo".

CRISTALERIA CONDADO S.L.

Derivados do Vidro

AVDA. DE CASTELAO, 9
36601 PONTEAREAS
(Pontevedra)

Tel: 986 65 15 42
cristal@cristalenecondado.com

PINTURAS BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES

Los precios más baratos del mercado

PINTAMOS SU CASA . PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

conscem CONSTRUCCIONES

DELEGACIÓN DE GALICIA
MODIKO.
CONTRATACIÓN DE OBRAS

OBRA NUEVA · REFORMA · REHABILITACIÓN · PROYECTOS
GESTIÓN Y FINANCIACIÓN · COMPRA-VENTA DE INMUEBLES

Morales Hidalgo, 4 Bajo 36860 PONTEAREAS · T. 986 04 51 51

40 mulleres recibirán atención especializada en Salceda

A Alcaldesa de Salceda, Loli Castiñeira, acompañada da técnica de igualdade Irene Ojo, e da consultora Laura Seara, presentou esta mañá o Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero de Salceda, con actividades enmarcadas dentro do II Plan de igualdade municipal, que nos vindeiros dous meses realizará numerosos talleres iniciativos e que atenderán a 40 mulleres salcedenses. O programa está elaborado dende a perspectiva de xénero e adaptado á realidade vivida por mor da pandemia da COVID 19.

O programa, que conta con

orçamento de 8.000 €, nace da colaboración entre institucións, neste caso, entre o Concello, a Xunta de Galicia e a Unión Europea, e ten no foco a todas as mulleres, fundamentalmente ás máis vulnerables: vítimas de violencia de xénero, discapacitadas, maiores, desempregadas, migrantes, fogares monomarentais, etc.

Así pois, porase en marcha un Servizo Municipal de Atención Integral de Asesoramento Psicológico, Laboral, Social e Xurídico a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, que se prestará a demanda, e que as mulleres que o precisen poden solicitar a través do mail [mulleres@salce-](mailto:mulleres@salcedacaselas.gal)

[dadecaselas.gal](mailto:mulleres@salcedacaselas.gal), que dará resposta á súa solicitude nun prazo máximo de 24 horas. A atención, a cargo de dúas avogadas, unha psicóloga e unha experta en atención social integral, poderá ofrecerse tanto de xeito presencial como telemático, para que cada muller poida escoller a forma que mellor satisfaga as súas necesidades.

O servizo de asesoramento complementase coa posta en marcha de cinco talleres e a correspondente creación de itinerarios de inserción e valorización de competencias que cada muller demande, así como a celebración de dous encontros con tódalas mulleres participantes para a posta



en común das súas experiencias.

Os obxectivos fundamentais do programa son: Ofrecer un servizo de atención integral de asesoramento psicológico, laboral, social e xurídico a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, nomeadamente ás mulleres vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos ou fillas; facilitar unha axeitada información sobre

recursos existentes no Concello de Salceda de Caselas, na Xunta de Galicia e no Goberno do Estado en materia de igualdade e de prevención da violencia de xénero; mellorar a participación social e laboral, fomentar a súa autoestima e autoconfianza; previr situacións de violencia de xénero; contribuír a mellorar a súa calidade de vida e o seu benestar.

Cafetería - Terraza Xardín - Discoteca



Avda. Galicia . Ponteareas



El Morado gordo nº11, Ponteareas - 986 19 23 47

Moda - Decoración

ROMERO

desde 1890

Constitución, 3 - PONTEAREAS

☎ 986 640 008

CONFITERIA

Regino

Nova gama de produtos selectos:

Rocas de chocolate, Tarta de té,

Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas

986 640 834

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Aquí non

Os materiais non degradables
poden permanecer centos de
anos na natureza

#AquíNon #Responsabilízate

Esgotadas en 24 horas as 200 prazas para a Depoandaina dos Muiños da Fraga en Moaña

Ao longo do verán os itinerarios percorrerán tamén a Fervenza de Callobre, na Estrada, e o Val das Fadas, na Cañiza

As Depoandainas volven con forza neste 2020 esgotando en apenas 24 horas as 200 prazas para a primeira das actividades, que será a Ruta dos Muíños da Fraga en Moaña. Amais de completar o límite de prazas para participar, a andaina programada pola Deputación de Pontevedra tamén encheu a lista de agarda prevista.

Esta primeira ruta levará o 9 de agosto aos e ás participantes ata o concello de Moaña para percorrer un itinerario circular de 9,7 quilómetros e dificultade media. Coas novas medidas de seguridade derivadas da Covid-19, os e as participantes deberán desprazarse ao punto de partida

da ruta, onde se lles asignará un monitor ou monitora e serán repartidos en grupos reducidos, cun máximo de 25 persoas.

Nesta quinta edición das Depoandainas a institución tamén ofrece outros dous percorridos cos que coñecer algúns dos enclaves máis emblemáticos da provincia. As camiñadas están dirixidas a todas as persoas independentemente da súa idade e contarán con 200 prazas cada unha. A segunda das rutas levarase a cabo o 30 de agosto e transcorrerá pola Fervenza de Callobre, no concello da Estrada. Para esta andaina, as inscricións abranse o 10 de agosto e o prazo pecharase o día 24 ás 12 horas. A derradeira camiñada

será o 20 de setembro e levará ás e aos participantes pola Ruta do Val das Fadas, no concello da Cañiza. Neste caso, a apertura do prazo para anotarse comezará o 31 de agosto e pecharase o 14 de setembro ás 12 horas. Para poder realizar estas actividades será preciso inscribirse previamente no sitio web da institución (www.depo.gal).

As Depoandainas son un programa gratuito da Deputación de Pontevedra que ten por obxectivo fomentar hábitos de vida saudable e a promoción do turismo, no marco do decidido compromiso da institución provincial co Medio Ambiente. Este verán as Depoandainas enmárcanse en "Vive Deporte", unha iniciativa da institución provincial que ten programadas entre xullo e setembro unha trintena de rutas, andainas e actividades de orientación.

Nace "Rías Baixas Film Fest", a nova marca dos festivais de cinema da provincia



Haí poucas provincias no conxunto do Estado que teñan tantos festivais audiovisuais e de tanta calidade como a de Pontevedra. Con esta declaración, a presidenta da Deputación, Carmela Silva, deu a benvinda á nova marca provincial de calidade para o cinema da provincia. "Rías Baixas Film Fest", a marca corporativa decidida pola institución provincial e os festivais, integrará aos nove festivais máis

importantes: Cans (O Porriño, 2-5 de setembro), Primavera de Cine (Vigo, 15-20 de setembro), FIC Bueu (11-19 de setembro), Play-Doc (Tui, 23-27 de setembro), Festival Again de Cine Inclusivo (Vigo, 13 ao 17 de outubro), Curtas Festival do Imaxinario (Vilagarcía, 23 de outubro ao 1 de novembro), Galicia Freaky Film (Vigo, 28 ao 31 de outubro), Novos Cinemas (Pontevedra, 15 ao 20 de decembro) e Curtas Armadiñas (Poio).

Aberta a inscrición para a primeira das "DepoRutas BTT" do verán que percorrerá Cambados

Enmarcada na programación Vive Deporte, coa que a Deputación de Pontevedra invita á cidadanía a gozar este verán dunha ampla oferta de actividades deportivas sostibles, desde o 29 de xullo a institución provincial xa ten aberto o prazo de inscrición para a primeira das dúas "DepoRutas BTT" previstas, que percorrerá o concello de Cambados o día 23 de agosto.

As e os interesados en participar nesta primeira ruta en bicicleta poderán inscribirse a través da web www.depo.gal ata completar o límite de 200 prazas ata o 17 de agosto, ás 12 horas. Unha vez completadas as prazas, abrirase unha lista de agarda de ata un máximo de 50 persoas. Ás persoas participantes se lles confirmará a asistencia a través da web www.depo.gal coa publicación da lista definitiva, e vía SMS, co programa "Depo

Informa".

No caso das e dos menores de idade, deberán ir acompañados e en caso de familias con varias crianzas será suficiente cunha persoa representante ou titora por familia. A ruta –que inclúe os avituallamentos– estará sinalizada e as persoas participantes deberán seguir o itinerario e ritmo marcados pola organización. Será rigorosamente obrigatorio o uso de casco protector durante todo o percorrido. Despois desta marcha, a segunda das "DepoRutas BTT" programadas pola institución provincial terá lugar o 13 de setembro en Ponteareas, e o prazo de inscrición será do 24 de agosto ao 7 de setembro.

O obxectivo desta iniciativa da Deputación é fomentar o deporte á vez que se pon en valor os montes da provincia, a súa riqueza natural, ecolóxica e patrimonial.

Concertos de música de cámara gratuitos por toda a provincia

O programa "Música no ar" da Deputación de Pontevedra divulgará a música de cámara, de xeito gratuito, por 14 espazos patrimoniais que abranguen desde castelos, como o de Soutomaior, ata mosteiros, pazos, fortalezas, espazos naturais e conxuntos patrimoniais dos concellos de Bueu, A Guarda, Lalín, O Grove, Covelo, Mondariz, Poio, Caldas de Reis, Forcarei, Baiona, Salvaterra de Miño e Agolada.

Celebrados dous concertos en xullo, o 28 no castelo de Soutomaior e o 30 no estaleiro de Bueu, en agosto haberá un total de sete concertos, comezando o 5 de agosto, ás 20 horas, na praza do Reló da Guarda a cargo da Orquestra 430 de Vigo e continuando o 6 de agosto, ás 20 horas, no pazo de Liñares de Lalín, con Alejo Amoedo e Iria Cuevas; o 7 de agosto, ás 21 horas, na fábrica de Salga do Grove coa Orquestra Clásica de Vigo; o 9 de agosto, ás 20 horas, no serradoiro

dos Carranos coa Orquestra Filharmónica de Pontevedra; o 11 de agosto, ás 19 horas, no castelo de Sobroso coa Orquestra Filharmónica de Pontevedra; o 14 de agosto, ás 19:30 horas, no mosteiro de Poio tamén coa Orquestra Filharmónica de Pontevedra e o 16 de agosto, ás 20 horas, na carballeira de Caldas coa Orquestra Clásica de Vigo.

En setembro, "Música no ar" seguirá o seu curso o día 12, ás 19 horas, no mosteiro de Aciveiro de Forcarei, coa Orquestra 430 de Vigo, a mesma que o 18 de setembro actuará nos xardíns do Arquivo Histórico de Baiona, ás 19 horas, e o día 19, tamén ás 19 horas, no castelo fortaleza Dona Urraca de Salvaterra de Miño. O domingo 20 de setembro, ás 18 horas, terá lugar o concerto de Brais González e Beatriz Arenas no mosteiro de Carboeiro de Silleda e o programa rematará o 26 de setembro, ás 18 horas, na praza do concello de Agolada coa Orquestra Filharmónica de Pontevedra.

BAIXO MIÑO

TUI

O patrimonio das parroquias tudenses centra a exposición “Pérdete polo rural”

Unha maqueta cos petróglifos máis representativos do Baixo Miño, e un mapa visual onde se plasman máis de 70 elementos do patrimonio situado nas parroquias tudenses son dous dos elementos que forma para da exposición “Pérdete polo rural” que dende hoxe se pode visitar na Oficina Municipal de Turismo, na praza de San Fernando en Tui. Permanecerá aberta até mediados de agosto.

O alcalde, Enrique Cabaleiro, e o concelleiro de Cultura, Laureano Alonso, participaron na apertura da mostra canda aos promotores da mesma Telmo Alfaya e Antonio Lago.

Diferentes pezas prehistóricas con talla lítica, os bosquexos dos que partiu o mapa visual, unha maqueta da conca do Miño cos petróglifos máis representativos en cada municipio, conforman esta mostra, que pretende



tamén servir de guía para que o visitante poida despois realizar o roteiro polas parroquias tudenses. Así pódense coñecer os petróglifos, as fontes, as igrexas, os cruceiros, os muíños... que forman parte do noso legado patrimonial. O pintor Antonio Lago percorreu estes lugares do rural tudense, ao longo de case un ano, para logo poder plasmar este elemento no mapa visual.

Amais o domingo 26 realizaron

a “Ruta das Augas”, un percorrido guiado por Cristian Lago para o que se ofertaron 25 prazas. Comezou cunha charla a cargo de Alberto Romero, e logo a ruta guiada.

Telmo Alfaya ideou esta exposición “Percorrendo o rural” dentro do proxecto que ten de crear un Museo da Prehistoria e un Museo do Rural Galego, no entorno do Pancho Cultural na Guía en Randufe.

Chega a Tui a exposición “Río Miño: memorias transfronteirizas”

A té o 7 de agosto pode visitarse no anexo á Sala de Exposicións na Área Panorámica a mostra “Río Miño: memorias transfronteirizas”. A exposición está producida pola AECT Río Minho e a CIM Alto Minho ao abeiro do programa SmartMinho financiado polo fondo europeo Interreg.

Na exposición os visitantes poden contemplar primeiro as marxes do río: con quioscos interactivos, filmes e paneis interpretativos. Despois, mergullarse no seu interior para coñecer unha trampa de pesca da lamprea e as súas especies acuáticas máis icónicas.

En itinerancia por dez municipios transfronteirizos durante o ano de 2020, esta exposición reflicte o Miño, os seus valores



ecolóxicos e patrimoniais, e as xentes que habitan na súas ribeiras: as súas técnicas, música, gastronomía, lingua e xogos.

Os 75,5 km finais do río Miño están plenos de memorias e lugares maravillosos. Antes de chegar ao mar, o río asume aquí a tarefa de dividir dous países máis une unha cultura. Unha cultura plena de Tesouros Vivos, persoas cun profundo coñecemento e prácticas locais, que esta exposición recolle.

O Punto Limpo de Tui conta cun contedor específico para xiringas e agullas de uso domiciliario

O Punto Limpo, situado en Guillarei, conta cun contedor para a recollida de xiringas e agullas de uso domiciliario. Aqueles pacientes que por tratamentos diversos precisan empregar agullas e xiringas dun só uso poden depositalas no Punto Limpo. Para iso deberán solicitar cita previa no 629 70 64 36 e cando acudan

comunicar ao persoal desta instalación o tipo de material que van depositar, de tal xeito que lles achegará o contedor correspondente para que eles mesmos o poidan depositar no interior.

Lémbrese que tanto as luvas coma as máscaras débense tirar ao lixo no interior dunha bolsa depositada a súa vez na bolsa do lixo dirixida ao contedor verde.



Felicitación a centenaria

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, e o concelleiro de Servizos Sociais, Ismael Diz, felicitaron o sábado, en nome da poboación tudense, a Leonor Martínez Gándara, no seu centenario. Aos seus 100 anos Leonor Martínez conta con boa saúde. Casou con Domingo Sestelo Gonzalez, que tocaba o trombón na Banda de Música Popular de Tui. Tivo 6 fillos, 3 homes e 3 mulleres, 16



netos e 21 bisnetos. Na actualidade vive en Caldelas cunha das

súas fillas, pero anteriormente residía en Baldráns.

Este verán poden volver visitarse os Sambenitos no Museo Diocesano

Os Sambenitos atopados nos anos 80 na Catedral de Tui, pezas destacadas do patrimonio xudeu tudense, poden visitarse de novo este verán no Museo Diocesano. No terceiro andar do edificio expóñense cinco lenzos cos 14 sambenitos dos que 10 son os orixinais e 4 son copias, xa que os orixinais atópanse agora no Museo Catedralicio.

O Museo Diocesano, situado no antigo Hospital de Pobres e Peregrinos, na praza do Concello, custodia valiosas pezas do patrimonio tanto de Tui coma da comarca do Baixo Miño. Este verán pode visitarse de luns a venres en horario de 11 a 14 h e de 18 a 20 h, cun donativo de 1€ polo acceso.

Na visita podemos realizar un percorrido pola historia a través de pezas coma o casco celta do século III-II a.c atopado en Caldelas, xunto a outros achádegos de escavacións realizadas na zona expostas na planta baixa.

O Museo Diocesano acolle tamén outras pezas vinculadas á cultura xudía coma é o caso da cruz parroquial do Porriño do século XVII do prateiro converso



João de Sousa. Forma parte da colección de pratería onde destaca tamén a cruz parroquial de Mos.

Posúe o Museo Diocesano unha importante colección de arte sacro procedente das igrexas da Diocese de Tui-Vigo, destacando a pintura renacentista de Juan de Juni da “Virxe co neno”. Tamén conta cunha colección de cadros con retratos de bispos, entre eles Rosendo Salvado.

Cómpre lembrar que Tui é unha das cidades que forman parte da Red de Juderías de España. Amais dos Sambenitos do Museo Diocesano outros elementos destacados deste patrimonio sefardí son a menorá gravada no claustro da Catedral, a Casa de Salomón ou a sinagoga. A Ruta Xudía está sinalizada dende a Praza da Inmaculada podendo seguirse a través de códigos QR por todo o conxunto histórico.

TOMIÑO

Catro concelleiros visitan a depuradora de Coristanco para coñecer alternativas de baixo impacto ambiental

Catro concelleiros e concelleiras do equipo de goberno de Tomiño; entre eles, os de Servizos Públicos e Medio Ambiente, realizaron unha visita á depuradora de augas do municipio de Coristanco (provincia da Coruña), o día 17 de xullo pasado.

Acompañados por un técnico de medio ambiente do Concello, foron guiados polo xefe de sección da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade Jean-Pierre Blanco, a través das instalacións deste sistema de depuración de baixo impacto.

A depuradora consiste basicamente nun sistema de tres lagoas en liña nas que se plantaron sobre un sostén de plástico biodegradable, unha serie de plantas cuxas raíces aseguran osíxeno e un espazo para que bacterias



sobrevivan e dixiran a carga contaminante da auga, vertendo logo auga limpa a un regato cérico, cun custo enerxético moi baixo.

“Desta maneira o Concello si- gue investigando novas alternativas de baixo impacto ambiental

para incrementar a capacidade de depuración e a rede de saneamento, dando alternativas aos veciños e veciñas que utilizan solucións de depuración unifamiliares, coma son as fosas sépticas”, explica o concelleiro de Servizos Públicos, Lois Vázquez.

O Concello esixirá á Consellería de Sanidade que repoña o médico do consultorio de Goián

O Concello de Tomiño esixirá á Xunta de Galicia que, de xeito inmediato, repoña o servizo médico do consultorio de Goián, suspendido por mor da pandemia do coronavirus, sen que se repuxera despois do levantamento do Estado de Alarma.

Aclaran os nacionalistas que durante a crise do COVID, “a Xunta decidiu pechar o consultorio de Goián e trasladar o seu servizo ao Centro de Saúde, e ata o día de hoxe non foi repostado o servizo, e a única comunicación realizada ao Concello é que están á espera de cubrir a praza do médico de Goián (o anterior xubilouse) en setembro para retomar o servizo, o que está a xerar certas dúbidas entre a veciñanza”.

No referido á localización do

servizo, a moción explica que en 2008 o consultorio mudouse, con autorización do Sergas, á casa reitoral, para o cal foi necesario asinar un contrato co Bispado Tui-Vigo; e aclara que a superficie era maior que a do anterior local e melloraba as condicións para a permanencia do servizo.

Asemade, Tomiño esixirá á Xunta de Galicia que garanta a substitución en vacacións do persoal médico e administrativo do Centro de Saúde de Tomiño. O goberno local está convencido -tal coma manifesta a moción do BNG- de que os únicos responsables desta situación son o PP e a Xunta, que fan o mesmo cada verán. Esixirá polo mesmo, que o conselleiro de Sanidade reciba aos alcaldes e

alcaldesas da comarca, para xuntos analizar a situación actual, trasladando ao mesmo tempo a moción aprobada en pleno por unanimidade, á Consellería de Sanidade, ao SERGAS e ao Parlamento de Galicia.

Por outra banda, para o BNG a falta de persoal carrega enormes problemas aos usuarios, “xa que a actual situación supón o incremento do número de pacientes por médico, sobrecargando o servizo e atrasando a concesión das citas para consulta”.

Aclaran na moción que a situación non é algo illado, senón que se repite nos municipios da comarca, polo que con data 9 de outubro do ano pasado, os rexedores solicitaron cita co conselleiro de Sanidade, que aínda non foi concedida.

Tomiño adhírese á rede Ágora de Concellos polo Espazo Público

O goberno local de Tomiño adherirase á Rede Ágora, da que forman parte unha serie de concellos que teñen entre as súas prioridades a revalorización do espazo público para disfrute da veciñanza.

A decisión tomouse durante o último pleno de carácter ordinario, celebrado o día 23 de xullo.

Ágora é unha rede de acción institucional a prol de considerar e valorizar o espazo público como un dereito fundamental da cidadanía. Un dos seus fundamentos é que o espazo público forma parte substancial da vida das persoas como escenario natural da vida colectiva.

Os concellos que formen parte desta rede comprométese a realizar políticas de recuperación dos seus espazos públicos e a fomentar as mobilidades alternativas nos seus termos municipais.

O obxectivo é que de aquí a xuño de 2023, os Concellos Ágora incrementen de forma substancial o espazo reservado para as persoas, itinerarios peonís e ciclabeis.

Ágora está promovido e coordinado pola Deputación de Pon-

tevedra a través da súa área de Mobilidade Alternativa e Espazos Públicos Urbanos, dirixida por Uxío Benítez, tamén membro do goberno de Tomiño.

Todos os concellos da provincia de Pontevedra que o desexen, poden sumarse a Ágora, formando parte dunha rede de traballo, intercambio de experiencias e información, e liñas de acción común cara á revalorización dos espazos público. A participación é totalmente gratuíta.

A Deputación de Pontevedra vén destacándose coma unha administración referente a nivel estatal, no que respecta á recuperación do espazo público nas súas actuacións na rede viaria provincial.

Iniciativas coma o Decálogo de Criterios de Intervencións nas Estradas Provinciais, o Plan Moveve, a Guía de Espazos Públicos e Mobilidade Amable, as subvencións aos concellos para elaboración de Camiños Escolares, etc., conforman as liñas de traballo previo, que agora queren consolidarse exportándose aos concellos, a través dunha rede estable de traballo municipal.

Inversión de 205.000 euros na mellora do campo de fútbol do Regatiño

O Concello de Tomiño levará a cabo obras de mellora no Campo de Fútbol O Regatiño, de Goián, por valor de 205.000 euros.

A finalidade dos traballos é mellorar o equipamento deportivo municipal coa instalación dun céspede artificial de nova xeración, acorde coa evolución técnica deste tipo de produtos deportivos, que ofrecen unha maior resistencia ao desgaste e reducen custes de mantemento.

Asemade, colocarse unha capa amortiguadora de caucho, o que



reducirá o impacto dos xogadores e xogadoras ao caer ao solo, e fará que a herba artificial teña unha vida útil máis longa.

Por outra banda, procederase á reposición dos bancos ausentes e a substitución dos que se atopan deteriorados, o que repercutirá na comodidade dos afeccionados.

BAIXO MIÑO

O ROSAL / OIA

O Rosal reformará integramente o seu mercado para convertelo nun espazo vivo

O Concello do Rosal iniciará este ano a reforma íntegra do seu mercado para convertelo nun espazo vivo e con futuro co que fomentar a compra de produto local de proximidade, promover actuacións que fagan o comercio local máis atractivo e competitivo e dinamizar o núcleo urbano económica e socialmente. A alcaldesa do Rosal, Ánxela Fernández, presentou este martes á veciñanza o proxecto de renovación da praza de abastos, que na primeira fase terá un custe de máis de 207.000 euros financiados a través do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, dunha subvención de Agader e financiamento propio.

As obras desta primeira fase incluírán a reforma do actual edificio do mercado, construído en 1954. A renovación exterior consistirá na reparación de deficiencias e de elementos deteriorados na cuberta, mentres que no interior farase unha reforma xeral para dar unha nova vida ao mercado, reciclar o seu interior



e adaptado ás necesidades actuais, humanizando o espazo, facéndoo máis comfortable e atractivo tanto para os comerciantes que vexan nel un recinto de oportunidade como para as persoas usuarias.

O mercado contará con cinco postos comerciais no espazo principal que se distribuirán nunha illa central con dous postos de froita, horta e flores e nunha franxa lateral con carnicería, peixaría e despacho de pan. Tamén se engadirán novos espazos para venda e promoción de produtos locais.

Esta reforma íntegra do mercado irá acompañada dun traballo de formación e apoio aos actuais

praceiros e praceiras para adaptarse ás novas demandas dos clientes. Buscarase ademais un cambio de concepción do mercado para transformalo en punto de encontro da poboación e de distribución dos produtos de calidade e da zona pero tamén nun lugar no que teñan cabida actividades como degustacións, formación gastronómica e actividades culturais e sociais.

Para a reforma da praza de abastos a empresa Rural Consulting elaborou un Plan de usos a través dun proceso participativo no que se realizaron diferentes entrevistas e xuntanzas con praceiros e praceiras, produtores, comerciantes e persoas usuarias do mercado.

Comezaron as visitas guiadas aos petróglifos do Rosal

A programación de verán do Rosal contempla visitas guiadas aos petróglifos do concello para coñecer como se conservan estes gravados rupes- tres e saber máis detalles sobre a súa historia.

A primeira visita guiada foi aos petróglifos do Novello. A visita de dúas horas foi un percorrido circular a pé doado e de pouca lonxitude para visitar catro puntos con petróglifos. Tamén se observou o ceo nocturno. O punto de encontro foi a Casa do monte de Novás (Camiño da Salgosa, 43) e os desprazamentos foron a pé.

O vindeiro 5 de agosto a visita guiada será polos petróglifos da Portela, unha saída na que se combinarán percorridos a pé e desprazamentos nos coches particulares dos participantes para visitar cinco puntos con petróglifos e, se a noite o permite, rematar a visita de novo cunha ob-



servación do ceo nocturno. Nesta ocasión o punto de encontro será o Alto da Portela (Camiño da Costeira, Coordenadas: 41.945878, -8.876238). Trátase dun percorrido de dificultade baixa no que as persoas participantes deberán tomar as medidas de prevención necesarias ante a COVID-19, levando máscara e respectando as distancias de seguridade.

O último percorrido terá lugar o 26 de agosto cunha ruta aínda por determinar. Os petróglifos elixidos para esta visita anunciáranse con anterioridade á data de celebración.

O Concello de Oia formaliza a compra dos terreos do antigo camping Pedra Rubia

O Concello de Oia adquiriu os terreos do antigo camping Pedra Rubia para recuperalos e destinalos a unha área de lecer e deportiva. Este xoves a alcaldesa, Cristina Correa, formalizou ante notario a escritura de compravenda da parcela correspondente a 17.012,90 metros cadrados, situados na zona do Aguncheiro (Mougás) en solo rústico común, a carón do Camiño Portugués da Costa.

O pasado 21 de xullo, o pleno municipal aprobou por unanimidade a compra, que se materializou este xoves.

O Concello, que recibiu 80.000 euros da Xunta de Galicia e 120.000 do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, correspondendo o montante total



ao importe da compra, xa é propietario da parcela do antigo camping.

A adquisición da parcela é o primeiro paso para comezar a traballar nun proxecto de recuperación dos terreos degradados, tendo como obxectivo destinar o espazo a usos de esparcemento, deportivos e de lecer, en consonancia coas instalacións que xa existen e que presentan un im-

portante estado de deterioro.

Entre estes equipamentos atópase a antiga recepción do camping, os vestiarios e almacéns, a zona de aseos e duchas, o edificio da que fora a cafetería-restaurante e unha pista polideportiva, así coma unha piscina.

A actuación tamén incluírá a recuperación e posta en valor das salinas romanas que se atopan no seu contorno.

Charlas 'Ponte na súa pel' para concienciar sobre igualdade e prevención de violencia de xénero

O Concello do Rosal pon en marcha unha nova campaña para concienciar aos rosaleiros e rosaleiras sobre igualdade e violencia de xénero. Trátase do ciclo de charlas formativas 'Ponte na súa pel', cinco conferencias impartidas por persoal cualificado en violencia de xénero coas que concienciar, asesorar e informar sobre cuestións de igualdade a comerciantes, clubs deportivos, profesorado, alumnado, asociacións de nais e pais, familias ou asociacións culturais, así como ao público xeral. Esta actividade conta co financiamento do Ministerio de la Presidencia, Relacións con las Cortes e Igualdad a través da Secretaría de Estado de Igualdad para el Fondo de Estado contra la Violencia de Género.

As charlas celebráranse os vindeiros 3, 4, 5 e 6 de agosto a partir das 20.30 horas no xardín posterior do Concello ou no salón de plenos, xa que unha das xornadas celebráranse dúas conferencias de forma simultánea. Todas as conferencias serán de entrada libre e gratuíta ata completar aforo.

A actividade comeza o luns 3 de agosto coa charla dirixida a profesorado e profesionais da educación. O martes 4 o público serán familias, asociacións de nais e pais e alumnado. O mércores 5 de agosto haberá charla dobre, unha dirixida a asociacións culturais e veciñais e outra dirixida a clubs e asociacións deportivas. A derradeira charla será o xoves 6 de agosto e estará dirixida ao comercio e á empresa.

A GUARDA

O Alcalde da Guarda entrega á Consellería o anteproxecto da senda de circunvalación ao Monte Santa Trega

O Alcalde da Guarda, Antonio Lomba, ven de remitir unha misiva á Conselleira de Infraestruturas da Xunta de Galicia, Ethel Vázquez, na que se adxunta o anteproxecto da Senda de Circunvalación ao Monte Santa Trega da Guarda, encargado dende o propio consistorio ante a necesidade deste vial, que permita unha circulación segura de vehículos motorizados, bicicletas e peóns.

Nesta misiva tamén se solicita novamente unha xuntanza coa conselleira para definir as actuacións que é necesario acometer en relación á senda, posto que na última xuntanza que mantivo o rexidor guardés co Director de Infraestruturas, Francisco Menéndez, en decembro de 2018, se comunicou a publicación dunha liña de subvencións para sendas para o ano 2019, liña que nunca

se habilitou e tamén en outubro de 2019 se enviou un escrito solicitando unha nova xuntanza sobre a senda, xuntanza que nunca tivo lugar.

Antonio Lomba reclama unha actuación por parte da Xunta de Galicia na Guarda, para por unha solución o antes posible a unha vella demanda que se ten reclamado dende fai moitos anos, “falamos dun problema de mobilidade que afecta á seguridade vial nunha vía competencia da Xunta de Galicia, polo que se ten que realizar esta actuación á maior brevidade”, indicou o rexidor.

A PO-352 é sen dúbida algunha unha das principais arterias de comunicación da Guarda, basta dicir que é a única conexión entre o casco urbano da Guarda e a Parroquia de Camposancos, tanto polo Oeste como polo Este, amén



de subliñar que conduce a todas as praias fluviais da nosa vila.

Con estas referencias resulta fácil entender que o tráfico rodado que soporta, sobre todo en época estival, é moi considerable. Ao mesmo tempo, e dado que a paisaxe pola que discorre é moi fermosa, atrae a multitude de peóns que pasean por ela.

O referido anteproxecto con-

templa unha actuación na totalidade da PO-352 que non conta con beirarrúas, tanto polo lado oeste, Cruzada-Camposancos como no lado este Camposancos ata intersección PO-355 (que conduce á Pasaxe) consistente en un ancheamento da calzada de rodadura, a construción dunha senda, para facela máis segura para os peóns e os vehículos.

Intensifícanse a presenza policial e as medidas anticovid

Polas datas nas que nos atopamos e pola coincidencia da suspensión das Festas do monte 2020, intensificouse a vixilancia policial nocturna dende a pasada fin de semana en colaboración entre a Policía Local e a Guardia Civil, para que todas as noites exista presenza policial para disuadir das tentativas de botellón.

Ademais, por parte da Alcaldía se puxo en coñecemento da publicación dunha Resolución de Alcaldía, onde se decreta o corte de tráfico rodado e peonil o domingo 9 de agosto ao longo de todo o día no Monte Santa Trega e, así mesmo, contempla tamén a prohibición de acceso rodado e peonil ao Monte Santa Trega dende o luns 3 ata o domingo 9 de agosto de 2020, todos os días a partir das 22:00h da noite.

O Concello da Guarda felicita ao Clube de Xadréz Albatros polo ascenso á Primeira división autonómica

O Concello da Guarda, a través da Concellería de Deportes que dirixe Montserrat Magallanes, quere facer un recoñecemento público ao Clube de Xadréz Albatros por ter acadado un importante logro deportivo como é o ter logrado o ascenso á Primeira división autonómica.

O Xadrez Albatros ten a súa orixe hai case vinte e cinco anos na cafetería Albatros, e no autobús que fai a liña A Guarda- Citroen . Os xogadores eran daquela, uns amigos entorno un café.

Logo formaron un club. Tiveron a sorte de coñecer a un xogador que emigrou dende Rusia ata Galicia por motivos laborais. Isto permitiu o desenvolvemento do proxecto coa aprobación duns estatutos, creación dunha xunta directiva e a incorporación e alta nos organismos competentes. Acababa de nacer a Asociación Cultural e Deportiva Albatros de mans do seu presidente Vladimir Stoujinski (ano 1995).

No ano 2000 créase a Escola de Xadrez



Albatros. Comeza o ensino do xadrez a partir dun pequeno grupo de rapaces onde se promove a participación en Torneos infantís. Constituísen uns equipos federados que participan na Liga de Clubs Galegos na Terceira División Rexional, e Cuarta División. Agora co ascenso á primeira División autonómica recoñécese o esforzo e o tesón dos mozos. Javier Castillo, Sergio Lomba, Germán Vilaplana, Daniel Lomba e Antonio Castro. Hoxe este club ten máis de corenta nenos en clase, máis de sesenta fichas federativas, e desenvolve cinco torneos anuais no contorno do Baixomiño cunha gran participación.

O Sporting Guardés ascende a Preferente Sur



O Concello da Guarda, a través da Concellería de Deportes, ven de facer público a súa felicitación ao club de fútbol local Sporting Guardés polo recentemente recoñecido ascenso á categoría Preferente Sur.

Montserrat Magallanes quere agradecer o enorme esforzo e traballo do equipo técnico e da Xunta Directiva deste club, así como facer extensible estas felicitacións aos xogadores, os artífices deste desexado ascenso.

Presentación do libro das Festas do Monte 2020

Como xa se anunciou en datas pasadas, este ano as Festas do Monte Santa Trega están suspendidas, non se realizarán verbenas, desfiles, romarías nin fogos artificiais, ante as medidas de seguridade hixiene e saúde pública decretadas.

O pasado 30 de xullo, o Salón de Plenos do Concello da Guarda acolleu a Presentación do Libro conmemorativo das Festas do Monte 2020, ao que acompaña outra edición cunha selección de cartelería e programación dende o ano 1946 ata a actualidade, ámbolos dous exemplares libres de publicidade e que terán un custo de 10€ cada un. Os libros poderá mercarse nos puntos habituais de venda e coa compra dos dous exemplares se agasallará cunha rifa para a edición 2020 das Festas, nas que se sorteará un vehículo.

No acto de presentación participou o Alcalde da Guarda, Antonio Lomba; a Concelleira de Cultura, Montserrat Magallanes; o representante da Comisión de Festas, Manuel Castro e o representante de Infomaxe, Celso Rodríguez.

Neste acto tamén se aproveitou a ocasión para dar a coñecer o cartaz da vindeira edición, cunha fotografía obra de Arturo Martínez, destacando que as Festas do Monte 2021 celebraranse do 9 ao 16 de agosto.

Neste acto tamén se quixeron dar a coñecer as actividades de

animación programadas para este ano 2020, que se levarán a cabo a pesar da cancelación dos platos fortes da festa, para manter con garantías as medidas de seguridade e hixiene pola pandemia do Covid-19.

Entre as actividades programadas destacan os pasarrúas que terán lugar todos os días desta semana a media mañá polas rúas do pobo e nos que participarán diversos grupos de música tradicional do municipio.

No hall da Casa dos Alonsos colocárase unha pantalla onde se proxectarán diversos vídeos e fotografías sobre as Festas do Monte ao longo de toda a semana.

Como acto conmemorativo e, debido a suspensión desta edición 2020 das Festas do Monte, os balcóns da Praza do Reló lucirán as bandeiras das Bandas Mariñeiras que participan cada ano no Desfile tradicional de bandas mariñeiras.

Na xornada do Sábado día 8 de agosto a Praza do Reló acollerá a emisión en directo por streaming dun magazine a través das redes sociais, con entrevistas a diferentes convidados, músicos, historiadores, representantes municipais e das bandas mariñeiras, de cara a lembrar o significado das Festas do Monte, a súa tradición, o día do desfile, o día do monte, e en xeral, todo o que acontece nas festas, cunha duración aproximada de dúas horas.

Concello da Guarda
ACTIVIDADES

PARA ASISTIR SERÁ OBRIGATORIO ACUDIR CON MÁSCARA

Novos eventos pendentes de confirmación. Máis información en: www.aguarda.es

Síguenos en Concello A Guarda

agosto

1 **domingo**
CARREIRA de orientación
Inscripción previa
Inicio, 18:30 h. | Final, 19:00 h.
Mantemento: Variedade de categorías

2 16 23 30 **domingos**
Domingos de Natureza e auga
Inicio, 10:00 h. | Final, 13:00 h.
Mantemento: Trinta e tres edicións

4 11 18 25 **martes** **7 14 21 28** **viñes**
VISITAS GUIADAS Volanteiro O Plaveiro
Inicio, 20:00 h. | Final, Porto Inmortal
Mantemento: 30 min.

5 12 19 26 **mércores**
VISITAS TEATRALIZADAS no Monte Santa Trega
Inicio, 18:00 e 20:00 h. | Final, Monte Santa Trega
Mantemento: Todas as páxinas

7 14 21 28 **venres** **1 8 15 22 29** **sábados** **2 9 16 23 30** **domingos**
VISITAS GUIADAS Monte Santa Trega
Inicio, 11:30 e 18:15 h.
Final, Centro Barrio Labregal
Inicio, 12:15 e 18:00 h.
Final, Pazo S. Francisco
Mantemento: 10:15 e 11:00 h.

14 **domingo**
CINE NA RUA O noso último verán en Escocia
Inicio, 22:30 h. | Final, Praza do Reló
Mantemento: Todas as páxinas

14 **domingo**
PUNKDEMIA
Inicio, 22:30 h. | Final, Castelo de Santa Cruz
Mantemento: Todas as páxinas

21 **domingo**
Noites de estrelas no Puntal
Inicio, 20:00 h. | Final, O Puntal
Mantemento: 80 min.

22 **domingo**
CONCERTO de corda da Orquestra Clásica de Vigo
Inicio, 20:00 h. | Final, Castelo de Santa Cruz
Mantemento: Todas as páxinas

28 **domingo**
CINE NA RUA Mr. Link
Inicio, 22:30 h. | Final, Praza de Febo
Mantemento: Todas as páxinas

29 **domingo**
TEATRO Pelos na lingua
Inicio, 20:00 h. | Final, Auditorio de San Bento
Mantemento: Todas as páxinas

FUCO PRADO

